



Consello de Galicia

Buenos Aires, 26 de nadal do 1969.-

Sr.
Xavier Alvajar
PARIS

Querido Alvajar:

Hoxe recibimos o seu informe confidencial de data 12 deste mes. Inmediatamente xuntamos o Consello pra lle dar conta dél. Quero anticiparlle que por viaxe de seis conselleiros a Hespaña e enfermidade de dous estivemos en minoría pra sesionar. Facía apenas tres días que tiveramos sesións e todos se estranaron da convocatoria feita no día, dado que nesa reunión eu dín a coñecer todos os seus informes de outono a fecha. Como primeira cousa debo decirlle que se autorizou o xiro seu polos meses que se lle deben e tamén o que corresponde a Federación de Entidades Etnicas Europeas. Esto xa queda resolto e o luns sairán os dous. Tamén se aprobou o envío dun novo mensaxe ó interior cuxa importancia está dada polos acontecementos que se están a vivir. Sabemos que os dous mensaxes denanteriores foron ben recibidos e este pretendemos que cale fondo como fallo de esperanza pros que soportan a ominosa situación a que os condena o réximen franquista.

Bo o seu ~~informe~~. Felicitámolo. O seu proceder axustase o pensamento do Consello de Galicia que estima deben darse as batallas dacordo as posibilidades. E máis o felicitamos por canto o propio delegado do Goberno Vasco nin tiña noción do que vostede espón. Indo o mensaxe decimoslle o seguinte:

1º.- Non podemos estar o marxen do traballo político que desenrolen os partidos de oposición a Franco e que se encontran nucleados no Movemento Federal Español.

2º.- Si se fai o aito en Hespaña vostede está obrigado a concurrir a nome do Consello de Galicia. Nós corremos cos gastos do seu viaxe.

3º.- Si o aito se fai en Bruselas sigue a obriga de concurrir vostede nas mesmas condicións que si fora en Hespaña.

4º.- É mester sondee as posibilidades de que faga uso da palabra nese aito un representante do Consello de Galicia que se desplazaría dende Buenos Aires con ese propósito e denantes pasaría por Hespaña os fins de deixar establecido un comité galego pros traballos do interior que hoxe se fan en forma anárquica e polos diversos grupos que constitúen as forzas galeguistas de oposición a Franco. O mesmo tempo levaríamos o home que representaría o interior no Movemento Federal



Consello de Galicia

Español e a lista de persoas que poden ser invitadas, dende logo eu xa as deixaría con instrucións pra viaxar aínda sin recibir a invitación.

5º.- É importante saber que pensan Gil Robles e Motrico con relación o status territorial de Hespaña pois si ben estamos dispostos a loitar con eles pra derrotar o franquismo, non é menos importante saber si nós temos posibilidades que o falarse do futuro político de Hespaña se considere que se respetará as situacións que se lograron polos pobos de Galicia, Euzkadi e Cataluña, denantes da guerra civil. Sabemos que en conversacións tidas por o Conde de Barcelona en Biarritz cos persoeiros do Goberno Vasco, o conde ademiteu como un feito consumado a situación eisistente nese país o escomenzar a guerra. Isto e moi importante pra movernos nós e sería un arma de trunfo do noso delegado no intre de negociar en Hespaña a unión de todos os galleguistas de diversas tendencias.

6º.- Podemos dar relación de persoas conectadas co Consello de Galicia. O nome do persoeiro do interior queremos que non provoque resistenzas e sexa unha figura que esté un pouco por enriba das rivalidades que eisisten. Pensamos incluso nun coengo da colexiata da Cruña que ten dadas mostras dunha fonda postura galeguista. Na reunión de hoxe estudouse isto con deteñimento e non se chegou a ningunha determinación pois non é o mesmo que Gil Robles ou Motrico, Ridruejo ou Tierno Galván vaia a París, e volva a Hespaña, que o caso dun descoñecido o que a policía non respetará como aqueles, cuia detención provocaría un escándalo internacional. A máis si damos o nome dunha figura custionada polos diversos partidos galegos podemos dar a impresión de que o Consello está ó servicio dun determinado seitor, cousa que debemos evitar dada a condición legal de representante de todos os galegos que temos.

7º.- ~~Hable~~ con D. Manuel Irujo e dígalle que pensa él con respecto a presenza dun home do Consello de Galicia en Francia pra falar dos problemas comúns sobor da base do problema que nos é común de defender as nosas autonomías. E pídale apoio pra que un galego fale no mítin que se prepara pois eso daríanos unha gravitación fonda no interior e sería un respaldo moi grande pra os nosos homes que loitan en Galicia frente a moitos descreídos.

8º.- Nos primeiros días de xaneiro mandaremos, logo da reunión do 30 deste mes, un^{ha} relación de persoas as que se pode mandar invitación, pero dende logo non figurará o nome do desinado co que terán que conversar as personas que vostede indique logo da carta que mandaremos.



Consello de Galicia

3

Es importante para que demos ~~ex~~ nome nos diga si Gil Robles, Ridruejo, Motrico u outro persoeiro de siñificación en Hespaña estan dispostos a servir de encargados pra conversar ca figura que nós pensamos debe ter ese posto no Movemento Federal Hespañol e que por residir en Madrid pode moi ben estar en contacto con eles e ser o mesmo tempo defendido de sucederlle algo en Hespaña. Fale con eles e si a resposta é positiva fagánolo saber de inmediato. En Madrid hai dous personaxes que pola súa importancia inteleitual e científica serían os axeitados pra esa misión. Os dous haberá que falar por si algún dos dous se nega a aceptar o cárego.

A prósima carta súa despachea por espreso pois a que chegou con data 12 de nadal chegou hoxe mesmo-14 días de demora.

Cando chegue o xiro faganos coñecer a súa recepción.

Agradecemos o seu informe, como tamén os denanteriores, que traen unha esperanza infinda de que o tempo do eisilio e da opresión poden estar pertos. Eiquí xa sabemos da xestión de Juan Carlos en pro da entrada de Hespaña no Mercado Común. Pra o réximen esta e unha cuestión de prestixo e de vida ou morte. Sabemos tamén que diversos líderes da oposición se dirixiron a Franco pedindo libertade pra aitar os partidos e pregamoslle que si tén as firmas no las mande de contado. Queremos ver quenes son os que recramaron dito dereito.

A espera da súa resposta reciba a mais sinceira gratitude de todos os conselleiros

Valentin Fernandez
Segretario de Gobierno